

## LINGUA GALEGA

### 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

#### Nota informativa para as familias:

Por decisión conxunta do centro, todas as actividades de Lingua Galega, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais publicaranse na páxina web do colexio ao comezo de cada semana, ao igual que no resto das materias. Non se colgarán actividades no Blog ata novo aviso.

Ola Chiquipandi,

Esta terceira semana, na materia de Lingua Galega, repasaremos a Unidade 6 do libro de texto. A continuación tedes as tarefas que debedes realizar. Podedes imprimir as actividades e realizalas neste documento ou podedes facelas no voso caderno. Se as imprimides, recordade pegar as fichas no caderno de galego.

#### ACTIVIDADES OBRIGATORIAS:

**1. Conxuga o presente de indicativo, o pretérito de indicativo e o futuro de indicativo dos verbos ser, andar e chover. Hai algúin verbo que non se poda conxugar en todas as persoas?**

	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
<b>Ser</b>	eu ti el/ela nós vós eles/elas		
<b>Andar</b>			
<b>Chover</b>			

**2. Contesta sobre a actividade anterior.**

- Cal é un verbo regular?

- 
- Cal é un verbo irregular?

- 
- Cales son verbos completos?

- 
- Cal é un verbo incompleto?

**3. Localiza os verbos contraídos con pronomes e acentúa os que o precisen.**

Facer deporte é moi san. Axudanos a facer máis fortes os músculos, mellora o funcionamento do noso corazón e dos pulmóns. A verdade é que sempre llo digo aos meus pais e eles agradecenmo, pero non fan nada.

En cambio, a min encantame o deporte. O que más me gusta é o balonmán. É tan divertido e emocionante! Queredes que xoguemos algunha vez xuntos? Digovolo totalmente en serio! Esperovos! Non vos arrepentiredes!



**4. Acentúa as seguintes formas verbais se o precisan.**

entreganmo

dixollelo

trouxovolo

dixomo

deixicho

falalle

danlla

mercoumo

devolvinlla

fixollo

**5. Fai unha oración coas formas verbais que non acentuaches.**

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

**6. Substitúe as palabras en negriña por pronomes.**

- Eu levarei **a mochila**.

---

- Telefonarei **aos papás** mañá.

---

**7. Completa.**

- \_\_\_\_\_: consiste na identificación de dous termos que gardan unha relación de semellanza.
- \_\_\_\_\_: é o establecemento de semellanzas entre dous termos.

**8. Agora di que recurso dos anteriores hai nos seguintes exemplos.**


Co seu casco-verdecente  
camuflaxe- en pé de guerra,  
os piñeiro afincados  
son, da encosta, sentinelas.

---



Como tres versos ou tres  
rosas nun vaso de auga,  
un braseiro con tres pés.

---



## **ACTIVIDADES OPCIONAIS:**

Como tarefas opcionais déixovos os seguintes enlaces que xa colguei no blog con xogos e actividades divertidas para facer en familia durante estes días de corentena.

### **1. A OCA DE EDUCACIÓN FÍSICA NA CASA.**

[http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/21003608/helvia/sitio/upload/OCA\\_EF\\_EN\\_CASA.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/21003608/helvia/sitio/upload/OCA_EF_EN_CASA.pdf)

### **2. PROGRAMA DE OCIO EN CORENTENA (Pulsade os botóns vermelllos).**

[https://drive.google.com/file/d/1\\_C4bcbZNhQDghV5YtbnmNSoFCRswFy2m/view?fbclid=IwAR3KYi80CgJ3rMpNvBdzvrq-ijaRrEGVJfd0MbqaA9XBpUKqvywdfABDvbq](https://drive.google.com/file/d/1_C4bcbZNhQDghV5YtbnmNSoFCRswFy2m/view?fbclid=IwAR3KYi80CgJ3rMpNvBdzvrq-ijaRrEGVJfd0MbqaA9XBpUKqvywdfABDvbq)

### **3. RECETARIO DIVERTIDO.**

<https://drive.google.com/file/d/197yaDnQWfyUD4W66TjNj5y4q5UL-del/edit>

Estudade un ratiño todos os días!! Establecede unha rutina diaria de traballo para non perder o hábito de estudo. Podedes con isto e moito máis!! O truco está en poñer un pouco de esforzo. Ánimo!! Seguro que antes do que pensamos volveremos ao cole para continuar aprendendo xuntos.

**Moito ánimo para vós e para as vosas familias!!**

**Un bico grande da vosa profe que vos quere un montón!!**

**Antía**